



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 20 DE DECEMBRO DE 2007,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Curtis (A Coruña)
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Ortigueira (A Coruña)
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Ortigueira (A Coruña)
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Laza (Ourense)
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Laza (Ourense)

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Decreto polo que se aproba o Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia para 2008

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Decreto polo que se declara monumento natural a Serra de Pena Corneira, na provincia de Ourense

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Decreto polo que se aproban as normas do hábitat galego

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR



- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración ente a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a *Fundación Preescolar na Casa*, para a promoción da formación no ámbito da familia e contribuír á promoción da cultura e da lingua galega, mediante o programa *Preescolar na Casa-Educación en Familia*
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade *Comunidade das Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl-Centro Asistencial San Pablo e San Lázaro*, para contribuír ao mantemento do centro residencial asistencial
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade *Cruz Vermella* para contribuír ao mantemento dos centros: residencial asistencial e centro de día
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade *Asociación de Deficientes Mentales da Comarca de Chantada (Asmede)*, para contribuír ao mantemento dos centros: ocupacional e vivenda comunitaria
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade *Asociación para la protección de personas con discapacidad (Prodeme)*, para contribuír ao mantemento dos centros: residencial ocupacional, ocupacional e vivenda rural
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade *Asociación Comarcal de Viveiro de Padres y Niños y Adolescentes de Educación Especial (Aspanane)*, para contribuír ao mantemento do centro ocupacional
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade *Asociación de Padres o Tutores de Personas con Discapacidad (Aspnais)*, para contribuír ao mantemento dos centros: residencial ocupacional, ocupacional, residencial asistencial e centros de día
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade *Comunidade das Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl*, para contribuír ao mantemento do centro residencial asistencial.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade *Asociación de Pais e Nais a*



favor das persoas con atraso mental de Ourense (Aspanas), para contribuír ao mantemento dos centros: ocupacional residencial, centro ocupacional, e centro de día

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade *Asociación Club Recreativo As Burgas de Padres a favor de Personas con Retraso Mental*, para contribuír ao mantemento dos centros: residencial ocupacional e centro ocupacional
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración e a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade *Asociación de Diminuídos Psíquicos da Comarca do Barbanza (Amigos)*, para contribuír ao mantemento do centro de día e centro ocupacional
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade *Asociación de Padres y Amigos de Deficientes Mentales da Escola de Régoa (Apader)*, para contribuír ao mantemento dos centros: residencial ocupacional e residencial asistencial
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade *Nuestra Señora de Chamorro*, para contribuír ao mantemento dos centros: ocupacional e centro de día
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade *Asociación Pro Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia (Aspronaga)* para contribuír ao mantemento dos centros: ocupacional, residencial ocupacional, vivenda comunitaria e residencia asistencial
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade *Hermanas Hospitalarias del Sagrado Corazón*, para contribuír ao mantemento dos centros: ocupacional, residencial ocupacional e residencial asistencial
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade *Fundación Adultos Discapacitados da Coruña (Fundación Adcor)* para contribuír ao mantemento dos centros: ocupacional e centro de día
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade *Asociación de Padres de*



Persoas con Discapacidade Intelectual (Aspas) para contribuír ao mantemento dos centros: ocupacional, residencial ocupacional, centro de día e residencial asistencial

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade *Asociación Pro Minusválidos de Ortegal (ASPROMOR)* para contribuír ao mantemento do centro ocupacional
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade *Asociación de Pais de Persoas con Transtorno do Espectro Autista da Provincia da Coruña (Aspanaes)*, para contribuír ao mantemento dos centros: residencial, asistencial e centro de día
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade *Asociación de Padres de Niños Disminuídos Psíquicos de la Comarca del Xallas de Cee (Aspadex)* para contribuír ao mantemento dos centros: ocupacional, centro de día e vivenda comunitaria
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade *Asociación de Padres de Persoas con Parálisis Cerebral (Aspace)*, para contribuír ao mantemento dos centros: residencial asistencial e centros de día
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade *Asociación Comarcal de Padres Disminuídos Psíquicos de Bergantiños (Aspaber)*, para contribuír ao mantemento dos centros: ocupacional, residencial ocupacional, centro de día e residencial asistencial
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, para o financiamento de investimentos de capital en centros destinados á atención á dependencia
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gastos de carácter plurianual do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Resolución do Servizo galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, pola que se regulan as bases para a concesión de axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria.



CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Cambre para o acondicionamento de infraestruturas locais básicas

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a excepciónar a achega de garantías reais na concesión dun aval subsidiario á empresa *José Lantero e Hijos, S.A.*

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a construción de beirarrúas en Bamio, Cornazo e Solobeira

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Ministerio de Educación e Ciencia para o programa de apoio á implantación da Lei orgánica de educación (LOE)
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e a *Fundación Empresa Universidade Galega* para o apoio á valoración de resultados de investigación e capacidades científicas no sistema universitario de Galicia
- Acordo polo que se autoriza o compromiso que se deriva do convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial da Coruña para o funcionamento do *Centro Rafael Puga Ramón*, durante o ano 2008

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a Xunta de Galicia a participar na constitución do *Consortio de Turismo Arousa Norte* e se designa representante para formar parte del



- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a as tres universidades galegas para a implantación do título de doutor de dirección e planificación do turismo
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e a empresa Unión Fenosa Distribución S.A. para a ampliación da actual subestación de San Cibrao das Viñas en Ourense
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) para executar os compromisos establecidos no Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (PGIDIT) en relación coas funcións das OTRI no sistema galego de investigación e innovación.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio específico de colaboración entre o Ministerio de Educación e Ciencia e a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia para financiar a construción das instalacións do Centro de Excelencia en Electrónica para Vehículos Intelixentes.

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto de instalación da liña eléctrica de alta tensión para o Parque Eólico 'Pedregal- O Tremuzo' no concello de Mazaricos (A Coruña), sobre o monte veciñal Manda, pertencente á Comunidade de Montes Vecinais en Man Común de Manda, promovido pola empresa *Sistemas Energéticos Muros Outes, S.A.*, agora Gamesa, S.A.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos no marco do Programa estratéxico de infraestruturas no Medio Rural (PEIM Feader-Baltar....Xunqueira de Ambía)

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo de prórroga ao concerto vixente do data 8 de marzo de 2004 entre o Servizo Galego de Saúde e o *Hospital Miguel Domínguez S.L.* para a realización de procesos asistenciais médico-cirúrxicos na área sanitaria de Pontevedra norte
- Acordo polo que se prorroga o contrato programa, asinado o 1 de xaneiro do ano 2005 entre o Servizo Galego de Saúde e a *Fundación Pública Galega de Medicina*



Xenómica para a prestación de servizos de asistencia sanitaria, así como outras actividades complementarias ou de apoio á atención sanitaria

- Acordo polo que se prorroga o contrato programa, asinado o 29 de decembro de 2006, entre o Servizo Galego de Saúde e a *Fundación Pública de Urgencias Sanitarias de Galicia-061*, para a coordinación e prestación de servizos de urgencias médicas 061
- Acordo polo que se prorroga o contrato programa asinado o 1 de agosto de 2002 entre o Servizo Galego de Saúde e a *Fundación Pública Hospital da Barbanza*, para a prestación de servizos de asistencia sanitaria así como outras actividades complementarias ou de apoio á atención sanitaria
- Acordo polo que se prorroga o contrato programa, asinado o 1 de agosto de 2002, entre o Servizo Galego de Saúde e a *Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira*, para a prestación de servizos de asistencia sanitaria así como outras actividades complementarias ou de apoio á atención sanitaria
- Acordo polo que se prorroga o contrato programa, asinado o 1 de agosto de 2004, entre o Servizo Galego de Saúde e a *Sociedade Pública Autónoma Instituto de Medicina Técnica* s.a. (Medtec), para a xestión sanitaria e a consultoría especializada
- Acordo polo que se prorroga ao concerto vixente, do 1 de marzo de 2004, entre o Servizo Galego de Saúde e a *Fundación Centro Oncolóxico de Galicia-José Antonio Quiroga y Piñeyro*, para a prestación de servizos en materia oncolóxica

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual correspondente á orde pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria de bolsas para formación de persoal especialista en temas de investigación mariña correspondentes ao Programa de Recursos Humanos do *Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica* e se procede á súa convocatoria
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e a Confraría de Pescadores da Coruña para a realización do Plan de recuperación produtiva do marisqueo a flote da ría do Burgo no ano 2008



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Mos para a execución da obra de actuacións de abastecemento na comunidade autónoma. Abastecemento a núcleos de poboación nas parroquias de Torroso, Mos e Louredo. Mos (Pontevedra) por importe de 613.167'98 €
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre o organismo autónomo Augas de Galicia e o Instituto do Mar da Universidade de Coímbra para a realización da modelización hidrodinámica e de calidade das augas nas rías de Galicia, por importe de 56.000 euros.
- Acordo polo que se autoriza o gasto de 18,8 millóns de euros ata o ano 2017 para a explotación integral da depuradora dos Praceres (Pontevedra)

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para establecer, na orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e de casas de oficios, de obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da comunidade autónoma para o ano 2008, a concesión de anticipos superiores ao 10 por cento e a establecer compromisos de carácter plurianual

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e solo e o Concello de Culleredo para o alugamento de oito vivendas no marco do Programa de erradicación do chabolismo
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello do Porriño para a execución de obras de mellora e humanización da praza do Polígono III de Torneiros.



INFORMES

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe no que se dá conta das xestións realizadas en Bruxelas para xestionar 1.500 millóns de euros de fondos públicos consignados ao Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Informe no que se dá conta dos resultados acadados no Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea sobre os topes admisibles de captura

MOCIÓN E PROPOSTAS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Proposta de cese e nomeamento de membros do Consello Consultivo de Galicia, de conformidade

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO DO REXISTRO DE PARELLAS DE FEITO DE GALICIA

- *A inscrición é totalmente gratuíta, voluntaria e ten carácter constitutivo*
- *A parella de feito entenderase efectuada só se consta neste rexistro*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se crea e regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, ente adscrito á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Neste decreto, que entrará en vigor aos vinte días de ser publicado no DOG, establécense as normas básicas da organización e funcionamento deste rexistro. A inscrición das parellas é totalmente gratuíta, voluntaria e ten carácter constitutivo.

Así, considéranse parellas de feito “as unións de dúas persoas maiores de idade, capaces e que convivan coa vocación de permanencia nunha relación de afectividade análoga á conxugal e que a inscriban no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, expresando a súa vontade de equiparar os seus efectos aos do matrimonio”, segundo se establece na Lei de dereito civil de Galicia.

Desta maneira, a constitución da parella de feito só se entenderá efectuada a partir da súa inscrición no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia e os rexistros municipais deben comunicarlle as inscricións, as cancelacións e as modificacións, previo consentimento dos integrantes da parella.

Polo tanto, o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia terá un funcionamento descentralizado que se xestionará a través das delegacións provinciais da Consellería de Presidencia -a cargo de funcionarios do grupo A, licenciados en Dereito e pertencentes á Administración autonómica- para configurarse, xuridicamente, como un rexistro único. Ademais, a Dirección Xeral de Xustiza terá as funcións de coordinación, información e aprobación das directrices comúns sobre o procedemento de inscrición e a súa xestión.

En definitiva, neste rexistro poderán inscribirse as declaracións de constitución, modificación e extinción das parellas de feito. Tamén son inscribíbles os pactos que os membros da parella consideren convenientes para rexer as súas relacións económicas durante a convivencia e para liquidalas tras a súa extinción, sempre que se cingan ás leis e que non sexan limitativos da igualdade de dereitos de cada conviviente ou os prexudiquen gravemente.

Funcións do rexistro

O Rexistro de Parellas de Feito de Galicia encargárase da tramitación e resolución das solicitudes de inscrición e tamén da súa anotación e cancelación. Así mesmo,



certificará e publicitará os datos que consten no rexistro sobre solicitudes, inscricións, cancelacións, existencia e contido dos pactos, modificacións destes, acreditacións documentais e calquera outra comprendida no expediente administrativo. A publicidade do rexistro quedará limitada á expedición de certificacións dos seus asentos por instancia de calquera dos membros da unión, de quen acredite interese lexítimo ou por instancia dos órganos xudiciais e sempre nos termos previstos pola lexislación en materia de protección de datos.

Ademais, emitirá informes técnicos e estatísticos cando lles sexan requiridos polos xulgados, polos tribunais, polo Parlamento ou por outros organismos públicos. O Rexistro tamén redactará a súa memoria anual e será responsable do arquivo e da custodia dos documentos depositados nel en calquera dos soportes utilizados. Neste sentido, o decreto especifica que os asentos se practicarán en libros, corpos ou outros soportes axeitados para recoller e expresar seguridade na conservación e na facilidade de acceso e comprensión dos datos. Ademais, os soportes informáticos rexistrarán, de ser posible, todo o expediente, incluíndo os documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos exixidos para a inscrición.

Requisitos para a inscrición

Para inscribirse como parella de feito é necesario realizar a solicitude e presentar, nese momento, a documentación acreditativa do cumprimento dos seguintes requisitos: ser maior de idade, non ter relación de parentesco por consanguinidade ou adopción nin en liña recta nin colateralmente ata o terceiro grao, manifestar a vontade de constitución de parella de feito, non estar ligados por matrimonio nin formar parella de feito formalizada con outra persoa, non estar incapacitados xudicialmente para rexer a súa persoa, que un dos membros da parella teña a veciñanza civil galega e acreditar o empadramento dos membros no mesmo domicilio dalgún municipio galego.

Polo tanto, a solicitude debe ir acompañada pola fotocopia compulsada do DNI ou do documento equivalente –no caso de non ter nacionalidade española- de cada un dos membros da parella de feito, polo certificado de empadramento dos membros nalgún municipio galego, pola certificación do Rexistro Civil ou equivalente sobre o estado civil de cada un e pola fotocopia compulsada do libro de familia nos casos en que houbese fillos comúns ou dalgún dos membros da parella. Ademais, de ser o caso, hai que presentar a sentenza xudicial de divorcio ou de nulidade ou o certificado literal de matrimonio en que conste algún destes aspectos.

A inscrición resolverase –practicarase ou denegarase- no prazo de tres meses a partir da data de entrada desta no rexistro. As solicitudes de inscrición, cancelación, incorporación ou modificación de pacto e de certificación que se formulen ante o rexistro deberán reunir os requisitos xerais do réxime xurídico das administracións

públicas e do procedemento administrativo común. Ademais, tamén deben cumprir os requisitos específicos que se prevén no decreto aprobado hoxe.

Calquera destas solicitudes presentaranse ante a delegación provincial da Consellería de Presidencia que corresponda co domicilio da parella de feito. Tamén se poden formular nos demais lugares que establece a Lei 30/1992, pero os trámites e os efectos de inscrición só se producirían respecto da documentación que tivese entrada efectiva no Rexistro de Parellas de Feito e desde a data de acceso a este.

Cancelación e modificación

A cancelación da inscrición como parella de feito poderá ser solicitada por escrito de forma conxunta ou individualmente. Neste último suposto deberá acreditarse a comunicación fidedigna á outra parte. Unha parella de feito quedará extinguida cando faleza un dos compoñentes ou cando os membros contraian matrimonio.

Con posterioridade á inscrición poderá solicitarse tamén a incorporación de pacto no caso de que non se teña realizado e tamén a modificación deste pacto. Neste caso deberá presentarse a escritura pública que conteña a regulación das relacións económicas e patrimoniais.



APROBADAS AS BANDEIRAS E OS ESCUDOS OFICIAIS DE ORTIGUEIRA E LAZA E A BANDEIRA DE CURTIS

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto bo aos decretos polos que se establecen a conformación oficial das bandeiras e os escudos dos concellos de Ortigueira e Laza, así como o correspondente á bandeira de Curtis.

Así, a bandeira de Ortigueira (A Coruña) terá tres franxas horizontais, a primeira e a terceira en pano de azul cunha franxa horizontal de branco e a segunda en pano de amarelo con tres rochas (aguillóns) sumadas de tres matas de estruga de verde de sete follas.

No escudo do concello, en campo de ouro (amarelo), haberá tres rochas (aguillóns) sobre ondas de prata e azur, sumadas de tres matas de estruga de sinople (verde) de sete follas. A timbraxe é de coroa real pechada.

Símbolos de Laza

Pola súa banda, a bandeira do Concello de Laza (Ourense), segundo se recolle no decreto correspondente, está organizada de forma que conta cun pano de branco cunha máscara de peliqueiro coa mitra perfilada en vermello e as borlas, pel e coloretos de vermello; e de vermello tamén o pano da parte baixa, delimitada desde o centro da base da bandeira ata os ángulos de arriba.

Polo que se refire ao seu escudo, este ten en campo de azur unha máscara de peliqueiro de prata coas borlas, pel e coloretos de gules (vermello) e a mitra perfilada da mesma cor, sinistrada dunha cruz de Santiago de gules; e a campaña (peza de honor que ocupa todo o largo da parte inferior do escudo e a cuarta parte da súa altura) cargada de ondas de azur e prata. A bordura é de sable cunha cadea de ouro, e a timbraxe de coroa real pechada.

Bandeira de Curtis

Por último, segundo o seu texto, a bandeira do Concello de Curtis (A Coruña) está organizada de xeito que sobre pano verde hai unha franxa horizontal de amarelo cun carballo verde no centro e dúas crucetas de vermello colocadas xunto o seu tronco, unha a cada lado. Así mesmo, no pano verde hai catro estrelas de amarelo, dúas no terzo da hasta e dúas no do batente.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROGRAMA ESTATÍSTICO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA PARA O ANO 2008 QUE INCREMENTA A CALIDADE DA OFERTA ESTATÍSTICA GALEGA

- *O novo sistema permitirá optimizar os resultados de enquisas sobre inserción e formación laboral, ambiente, benestar, empresas ou uso do galego*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión desta mañá, o Decreto polo que se aproba o Programa Estatístico Anual de Galicia para o ano 2008, no que se recolle a oferta estatística da Comunidade Autónoma composta por un total de 145 operacións, fronte ás 137 do programa 2007. Un dos principais retos do Programa Estatístico do próximo exercicio é o de incrementar a calidade da produción do conxunto do sistema estatístico público galego, que inclúe as operacións estatísticas elaboradas polo Instituto Galego de Estatística (IGE) e as realizadas polas distintas consellerías. Levarase a cabo tamén, a execución da metade das operacións estatísticas novas que no Programa do ano anterior foron integradas como proxecto e que se materializarán por primeira vez durante o ano 2008. Neste marco, os proxectos máis relevantes son aqueles relacionados coa inserción e a formación laboral, o medio ambiente, o benestar, as empresas ou o uso do galego.

Entre as operacións novas máis importantes destacan a “Enquisa Xeral a Empresas” realizada polo IGE; a “Enquisa de Innovación Empresarial; a “Enquisa aos Demandantes de Emprego”, realizada conxuntamente coa Consellería de Traballo; a “Enquisa social. Fogares e Medio Ambiente” que se elaborará en colaboración co Instituto Nacional de Estadística; e o “Panel de inserción laboral dos titulados do sistema universitario galego” coproducida polo IGE e a Axencia de Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG). Ademais, potenciarase a “Enquisa de Condicións de Vida” a través da realización de dous módulos específicos que terán como contido “Fogares e novas tecnoloxías” e “Coñecemento e uso do Galego”.

Por outra banda, continuarase co proceso de elaboración do Marco Input-Ouput de Galicia, abordado por primeira vez polo Instituto Galego de Estatística, e que constituirá unha ferramenta fundamental para a maior parte das operacións relacionadas coa estrutura produtiva galega, dende o sistema de contas económicas ata a elaboración das diferentes contas satélite temáticas.

O Programa Estatístico aprobado hoxe ordea a oferta estatística oficial da Xunta de Galicia segundo o recollido na Lei do Plan Galego de Estatística 2007-2011.



O GOBERNO GALEGO APROBA A DECLARACIÓN COMO MONUMENTO NATURAL DA SERRA DE PENA CORNEIRA, NA PROVINCIA DE OURENSE

- *O Consello da Xunta decretou a declaración deste novo monumento natural, tendo en conta a singularidade das formacións graníticas da zona e a importancia do seu ecosistema*
- *A serra de Pena Corneira converterase no sétimo monumento natural de Galicia; sumándose á Carballa da Rocha, a Costa do Dexo, a Praia das Catedrais, a Fraga dos Catasós, o Souto da Retorta e o Souto de Rozabales*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a serra de Pena Corneira, sita na provincia de Ourense, como monumento natural. O decreto, elaborado pola Consellería de Medio Ambiente, ten en conta as características singulares deste espazo, especialmente as súas formacións graníticas, ademais da fauna e a flora, e establece as medidas de protección para a súa axeitada conservación. A declaración quedará definitivamente aprobada tras a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

A serra de Pena Corneira, situada entre os concellos de Carballeda de Avia, Leiro e Avión, na comarca ourensá do Ribeiro, constitúe unha prolongación da serra do Suído, cunha superficie aproximada de 998 hectáreas, entre as bacías dos ríos Avia e Miño. A importancia da zona ven dada principalmente pola presenza de rochas graníticas hercínicas que forman un singular macizo rochoso cunha complexa asociación de formas xeolóxicas de gran importancia desde o punto de vista científico, cultural e paisaxístico.

Tamén son de destacar as formacións arbóreas presentes nesta zona, que inclúen bosques de diversas especies de carballo, castiñeiro e loureiro e elementos florais variados, xunto aos carballos, freixos, salgueiros e bidueiros presentes nos regatos e as matogueiras constituídas por breixeiras, toxeias e xesteiras. En canto á fauna, está constituída principalmente por taxóns e por diversas especies de anfibios, mamíferos e aves.

A declaración de monumento natural permitirá que a serra de Pena Corneira conte cunha figura específica de protección, coa fin de preservar os seus valores naturais e os ecosistemas ou hábitats naturais da zona. Isto implica que no espazo do monumento natural soamente se admitirán os usos e actividades que non poñan en perigo a fauna, flora e ecosistemas existentes, permitindo a realización, de xeito ordenado, dos usos ou actividades tradicionais que non poñan en perigo os valores naturais.



Sete monumentos naturais

Galicia pasará a contar, logo da aprobación deste decreto, con sete espazos catalogados como monumentos naturais. A declaración de Pena Corneira súmase as xa existentes: A Carballa da Rocha e o Souto de Rozabales, na provincia de Ourense; a Costa do Dexo, na provincia da Coruña; a Praia das Catedrais e o Souto da Retorta, en Lugo; e a Fraga de Catasós, en Pontevedra.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA AS NORMAS DO HÁBITAT GALEGO QUE MARCAN AS CALIDADES MÍNIMAS CON QUE SE DEBEN CONSTRUIR AS NOVAS VIVENDAS

- *As novas normas establecen un incremento xeral da superficie das vivendas galegas e aumenta o mínimo de 26 a 40 metros cadrados*

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza de hoxe, a proposta da Consellería de Vivenda e Solo as *Normas do Hábitat Galego* que marcan as calidades mínimas coas que se deben construír as novas vivendas. Estas normas substituirán o actual Decreto de Habitabilidade de 1992 e recollen todos os parámetros de como deben construírse as vivendas en Galicia, sexan protexidas ou de prezo libre.

As *Normas do Hábitat Galego* fixan aspectos como a superficie e dimensións que deben ter as vivendas, accesibilidade, iluminación, ventilación, acabamentos dos edificios, espazos públicos e funcionalidade das vivendas, entre outros.

En concreto, a nova normativa aprobada hoxe polo Goberno galego establece un incremento xeral da superficie das vivendas galegas xa que supón un incremento da superficie mínima de todos os cuartos dunha vivenda. No caso concreto das vivendas dun só dormitorio, a superficie mínima queda establecida en 40 metros cadrados útiles, o que supón un cambio moi significativo para mellorar a calidade espacial das vivendas, tendo en conta que o *Decreto de habitabilidade*, ata agora en vigor, permitía a construción de apartamentos a partir de 26 metros cadrados.

Iluminación natural e mellor accesibilidade

No que atinxe á iluminación, e co obxectivo de que as vivendas teñan o maior número de horas de iluminación natural, os cuartos habitables (todas a excepción do baño) deben ser exteriores. Permítese como excepción que unha das pezas habitables, - excluída a sala de estar ou salón-, teña iluminación natural a través dun patio interior.

Nas *Normas do Hábitat Galego* a accesibilidade pasa a ser un factor fundamental á hora de falar de calidade. Nese sentido, os corredores, as portas e os baños deberán ser máis largos para que permita o paso dunha cadeira de rodas, ao igual que os portais de acceso e outros cuartos comúns.

Espazos exteriores de calidade

As *Normas do Hábitat Galego* elaboradas pola Consellería de Vivenda e Solo entenden que a calidade da vivenda non debe limitarse ao seu interior, senón que tamén debe contar con espazos comunitarios de calidade, tanto públicos como privados. Nese sentido, a nova normativa aprobada hoxe establece que eses espazos comunitarios



deben deseñarse con criterios de sustentabilidade, tanto desde a planificación urbanística como nos proxectos da urbanización.

Criterios de aplicación

As medidas incluídas nas *Normas do Hábitat Galego* son de aplicación na súa totalidade para as vivendas de nova construción nos solos localizados en ámbitos de planeamento sen ordenación detallada no momento de entrada en vigor desta norma. A aplicación dos novos requisitos será máis flexibles nos solos con ordenación detallada e non será de aplicación nas obras de nova construción ou en obras en edificios existentes, que teñan solicitada licenza de obra á entrada en vigor do decreto. Tampouco naqueles ámbitos que teñan planificación de detalle aprobada inicialmente dentro dos seis meses posteriores a esta norma.

Verificación do cumprimento da norma do hábitat

A verificación do cumprimento destes novos criterios para a construción de vivendas en Galicia será unha responsabilidade compartida aínda que, en última instancia, correspóndelles aos concellos a través da licenza de primeira ocupación.



A XUNTA COLABORA CON PREESCOLAR NA CASA PARA ENRIQUECER O PAPEL DE PAIS E NAIS NA EDUCACIÓN DOS CATIVOS

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio entre o departamento autonómico e a Fundación Preescolar na Casa*
- *No marco deste programa, apóstase pola promoción da cultura e a lingua galega no ámbito da familia*

O Goberno galego, na súa xuntanza desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio de colaboración coa *Fundación Preescolar na Casa* para o desenvolvemento da formación no ámbito da familia, incidindo na promoción da cultura e a lingua galega, mediante o programa Preescolar na Casa-Educar en Familia.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar destina 556.407 euros ao financiamento deste proxecto, que promove o establecemento de contactos presenciais coas familias para enriquecer e mellorar a educación dos nenos e nenas, e nel poden participar familias con fillos ou fillas de 0 a 6 anos. Así, está dirixido ao desenvolvemento integral dos nenos e nenas, sobre todo nas súas primeiras etapas, e aposta neste eido pola aprendizaxe e a normalización da lingua galega.

Preescolar na Casa trata de crear actitudes favorables nos pais e nais para que tomen parte activa na educación integral dos seus fillos e fillas, ao tempo que busca mellorar a información que teñen as familias sobre o desenvolvemento da infancia. A través deste programa, organízanse reunións de orientación de carácter quincenal en todos os concellos participantes. Tamén se edita unha revista de periodicidade bimensual e unha páxina web, en que se recollen todos os contidos do programa.



O GOBERNO GALEGO NVISTE MÁIS DE 16 MILLÓNS DE EUROS NO MANTEMENTO DE CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL

- *O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura de vinte e un convenios entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e diferentes entidades*

O Consello da Xunta reunido hoxe autorizou a sinatura de vinte e un convenios de colaboración con diferentes entidades galegas a través dos cales se investirán máis de 16 millóns de euros para o mantemento dos centros de atención a persoas con discapacidade intelectual.

A Vicepresidencia da Xunta asinará un convenio de colaboración coa entidade *Hermanas Hospitalarias do Sagrado Corazón* para contribuír ao mantemento dos seus centros ocupacional, residencial ocupacional e residencial asistencial. O departamento financiará deste xeito, con 1.517.748 euros, o desenvolvemento e mantemento do programa de atención ás persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias que leva a cabo a dita entidade.

Mediante os acordos autorizados tamén esta mañá, a Vicepresidencia financiará con 400.104 euros o desenvolvemento e mantemento do programa de atención a persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias da *Asociación de Diminuídos Psíquicos da Comarca da Barbanza e Noja* (Amicos). Vicepresidencia financiará tamén o desenvolvemento e o mantemento dos programas levados a cabo pola *Asociación de Pais e Amigos de Deficientes Mentais da Escola de Régoa* (Apader) nos seus centros residencial ocupacional e residencial asistencial. Tras o convenio de colaboración que se vai asinar, o departamento autonómico achegará 303.756 euros para financiar esta iniciativa.

Logo da autorización dada esta mañá polo Goberno galego, a Vicepresidencia asinará un convenio de colaboración coa *Asociación Comarcal de Pais de Diminuídos Psíquicos de Bergantiños* (Aspaber) para contribuír ao mantemento dos seus centros ocupacional, residencial ocupacional, centro de día e residencial asistencial, por importe de 709.404 euros. A *Asociación de Pais de Persoas con Parálise Cerebral* (Aspace) é outra das entidades coa que se contribuirá para o mantemento dos seus programas de atención a persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias nos seus centros residencial asistencial e centro de día. A Vicepresidencia vai achegar 894.456 euros para este convenio.

Despois da autorización de hoxe por parte do Consello da Xunta, a Vicepresidencia asinará tamén un convenio de colaboración coa *Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista da Provincia da Coruña* (Aspanaes) para contribuír ao



mantemento dos seus centros residencial asistencial e centro de día. O importe total deste proxecto é de 1.139.280 euros. Vicepresidencia colaborará tamén coa *Asociación de Pais de Nenos Diminuídos Psíquicos da Comarca do Xallas de Cee* (Aspadex) para contribuír ao mantemento do centro ocupacional, do centro de día e da vivenda comunitaria, cun investimento de 538.008 euros.

A *Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade Intelectual* (Aspas) recibirá 1.257.108 euros por parte da Vicepresidencia, tal e como autorizou hoxe o Goberno galego, para o mantemento do centro ocupacional, do centro residencial ocupacional, do centro de día e do centro residencial asistencial.

A *Asociación Pro Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia* (Aspronaga) recibirá da Vicepresidencia un total de 2.267.040 euros para o mantemento dos seus centros ocupacional, residencial ocupacional, vivenda comunitaria e residencial asistencial, mentres que a entidade *Nuestra Señora de Chamorro* disporá doutros 804.924 euros para o desenvolvemento dos programas no seu centro ocupacional e centro de día. Outra das entidades beneficiadas pola iniciativa da Vicepresidencia da Xunta será a *Fundación Adultos Discapacitados da Coruña* (*Fundación Adcoñ*), que recibirá 522.900 euros para o mantemento do centro de día e o centro ocupacional. Tamén disporá de achegas económicas para o mantemento do seu centro ocupacional a *Asociación Pro Minusválidos de Ortegál* (Aspromor), que recibirá un total de 158.172 euros.

Vicepresidencia colaborará tamén coa *Asociación de Deficientes Mentais da Comarca de Chantada* (Asdeme) para contribuír ao mantemento do centro ocupacional e da vivenda comunitaria, cun investimento de 245.160 euros. O departamento autonómico financiará tamén o desenvolvemento e o mantemento dos programas levados a cabo pola *Asociación Comarcal para a Protección das Persoas con Discapacidade* (Prodeme) nos seus centros residencial ocupacional, no centro ocupacional e na vivenda rural. Tras o convenio de colaboración que se vai asinar, a Vicepresidencia achegará 920.160 euros para financiar esta iniciativa. Así mesmo, a *Asociación Comarcal de Viveiro de Pais e Nenos e Adolescentes de Educación Especial* (Aspanane) tamén recibirá 186.720 euros por parte da Vicepresidencia, tal e como autorizou hoxe o Goberno galego.

Mediante os acordos autorizados tamén esta mañá, a Vicepresidencia financiará con 1.006.980 euros o desenvolvemento e mantemento do programa de atención a persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias da *Asociación de Pais e Titores de Persoas con Discapacidade* (Aspnais). A atención prestarase nos centros desta entidade: centro residencial ocupacional, centro ocupacional, centro residencial asistencial e centro de día.



Tras a autorización dada esta mañá polo Goberno galego, a Vicepresidencia asinará un convenio de colaboración coa Comunidade das fillas da caridade de San Vicente de Paul para contribuír ao mantemento do seu centro residencial asistencial, por importe de 856.800 euros. Ao mesmo tempo, Vicepresidencia asinará outro acordo con esta mesma entidade e co centro asistencial San Pablo e San Lázaro para financiar o mantemento deste centro residencial asistencial cun importe de 725.040 euros.

A entidade Cruz Vermella é outra das entidades con que se contribuirá para o mantemento dos seus programas de atención a persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias nos seus centros residencial-asistencial e centro de día. A Vicepresidencia vai achegar 611.436 euros para o convenio que asinará con esta entidade, tras a autorización do Consello da Xunta.

A Vicepresidencia da Xunta asinará un convenio de colaboración coa Asociación de pais a favor das persoas con atraso mental de Ourense (Aspanas) para contribuír ao mantemento dos seus centros ocupacional residencial, ocupacional e centro de día. O departamento financiará deste xeito, con 1.100.940 euros, o desenvolvemento e mantemento do programa de atención ás persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias que leva a cabo a dita entidade.

Despois da autorización de hoxe por parte do Consello da Xunta, a Vicepresidencia asinará tamén un convenio de colaboración coa Asociación Club Recreativo As Burgas de pais a favor de persoas con atraso mental para contribuír ao mantemento dos seus programas e dos seus centros residencial-ocupacional e centro ocupacional. O importe total deste proxecto é de 329.232 euros.

Actuacións e obxectivos

Mediante estes programas de atención ás persoas con discapacidade intelectual, as diferentes entidades desenvolverán as seguintes actuacións nos centros que xestionan: prestación dunha atención integral e personalizada a todos os usuarios; desenvolvemento óptimo das súas capacidades procurando os máis altos niveis de autonomía persoal; busca do equilibrio emocional e afectivo; realización da habilitación persoal e social; prestación da asistencia e coidados precisos a cada usuario; procura de contornos axeitados en que os usuarios teñan protección; e por último, prestación da información e orientación necesarios aos usuarios e ás súas familias.

Estas entidades teñen como obxectivos a defensa da dignidade e dos dereitos das persoas con discapacidade intelectual, a promoción da integración social e da normalización das persoas con discapacidade intelectual e o fomento de actitudes sociais positivas para as persoas con discapacidade intelectual.



A XUNTA E CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR INVISTEN MÁIS DE 5 MILLÓNS DE EUROS EN CENTROS PARA A ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

- *O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio co que se pretende garantir o acceso de todas as persoas a servizos sociais públicos de calidade*

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o financiamento de investimentos de capital en centros destinados á atención á dependencia. A dotación económica para a execución do convenio ascende a 5.368.428 euros.

O obxecto deste convenio é a execución por parte do Consorcio, en réxime de cooperación cos concellos que o integran, de investimentos en centros e equipamentos de servizos sociais destinados á atención de persoas en situación de dependencia, fundamentalmente centros de día e residencias. Preténdese garantir o acceso de todas as persoas a uns servizos sociais públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente.

Esta iniciativa enmárcase no plan da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para impulsar unha rede pública de centros de atención á dependencia en todo o territorio galego, co obxectivo de completar así a oferta de prazas existente que resulta na actualidade especialmente deficitaria nas zonas con máis altas taxas de avellentamento.



O GOBERNO GALEGO DESTINA 965.000 EUROS ÁS AXUDAS ECONÓMICAS PARA MULLERES MALTRATADAS DURANTE O ANO 2008

- *No 2007 o salario da liberdade xa posibilitou a independencia económica dos seus agresores de 263 mulleres maltratadas*
- *As axudas económicas son de ata seiscentos euros ao mes e poderanse cobrar, como máximo, durante un ano*

O Consello da Xunta autorizou, na súa reunión desta mañá, a adquisición do compromiso de gasto dunha partida de 965.000 euros para as axudas económicas para mulleres maltratadas, para o ano 2008, orzamento que pode ser ampliable automaticamente en función da demanda. De feito, no ano 2007, o salario da liberdade tiña un presuposto inicial de 695.000 euros, pero tras sucesivas ampliacións, o orzamento final para este programa ascendeu a 2.230.400 euros.

O obxectivo desta prestación é facilitar a independencia económica das mulleres que sofren violencia de xénero dos seus agresores. Segundo establece a orde que regula a concesión destas axudas, as persoas que soliciten o chamado *salario da liberdade*, deberán acreditar que sofren malos tratos, presentando unha orde de protección xudicial ao seu favor, sentenza, ou un informe do Ministerio Fiscal, dos servizos sociais, sanitarios ou do centro de acollida no que quede constancia da existencia de indicios de violencia.

Ademais, para poder acceder a esta prestación, a muller debe ser maior de idade ou estar emancipada, debe residir en Galicia e demostrar que carece de recursos suficientes como para poder emanciparse do seu agresor.

Finalidade e contía das axudas

A finalidade do salario da liberdade é proporcionar apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero para lles garantir unhas condicións suficientes de seguridade económica respecto do agresor que lles posibiliten dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación na que corren perigo.

As persoas que cumpran os requisitos poderán acceder, durante un máximo dun ano, ás axudas que serán de ata 600 euros ao mes. Esta contía económica percibirana aquelas mulleres que teñan ingresos inferiores ou iguais ao IPREM ou que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%. Se a muller vítima de malos tratos cobra rendas superiores ao IPREM pero que non superan o dobre deste salario, recibirán 400 euros ao mes. Esta cantidade se reducirá a 200 euros mensuais cando perciba rendas que estean entre o dobre e o triplo do IPREM. As axudas poderanse incrementar en 50 euros máis por cada filla/o menor de idade que teña ao seu cargo.



Presentación das solicitudes

As solicitudes deberán dirixirse á directora do Servizo Galego de Promoción da Igualdade e presentarse no rexistro deste organismo, dende a entrada en vigor da orde, ao día seguinte da publicación da resolución no Diario Oficial de Galicia, ata o 30 de novembro de 2008.

As mulleres quedarán obrigadas a facilitar toda a información que se lles requira a fin de comprobar que os fondos recibidos foron utilizados para os fins propostos, é dicir, para emanciparse do seu agresor e refacer a súa vida.



A XUNTA ACHEGARÁ 171.000 EUROS PARA O ACONDICIONAMENTO DE INFRAESTRUTURAS BÁSICAS NO MUNICIPIO DE CAMBRE

- *O Consello autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Presidencia e o concello con este obxectivo*

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza achegará un total de 171.000 euros para a realización das obras de acondicionamento en diversas vías municipais en Cambre (A Coruña), así como na infraestrutura de recollida de pluviais. Con este obxectivo, o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o devandito departamento e o concello.

Segundo se recolle no texto, o acordo ten previsto atender as circunstancias específicas deste municipio, no cal existe un importante grao de dispersión da súa poboación e ten un elevado número de asentamentos rurais, o que fai necesario contar cunhas infraestruturas en axeitado estado de conservación que permitan garantir non só unha comunicación fluída entre os diversos núcleos de poboación, senón que ademais estas vías de comunicación se manteñan en óptimas condicións de seguridade.

O convenio establece que lle corresponderá ao Concello de Cambre a execución íntegra das obras de acondicionamento, e que asumirá tamén a tramitación dos permisos, licenzas e autorizacións administrativas que de seu deban obterse.

Para facilitar o seguimento do convenio constituirase unha comisión mixta paritaria, integrada por representantes de cada unha das partes asinantes do acordo, cuxas funcións serán, entre outras, a súa interpretación, a proposta –de ser o caso- de addendas, e a intervención previa á resolución por incumprimento.



O IGAPE APOIA OS INVESTIMENTOS DE JOSÉ LANTERO E HIJOS NA MODERNIZACIÓN DAS SÚAS INSTALACIÓNS E AMPLIACIÓN DA CAPACIDADE PRODUTIVA

▪ *A empresa, especializada en fabricación de embalaxes de cartón ondulado impulsa uns investimentos de 36 millóns de euros*

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) apoiará os investimentos impulsados polo grupo empresarial José Lantero e Hijos, cifrados en 36 millóns de euros e destinados a modernizar as instalacións e a ampliar a capacidade produtiva da compañía.

O Consello da Xunta acordou autorizar ao Igape a concesión dun aval por importe máximo de 3,6 millóns de euros, en garantía do 30% dun préstamo sindicado que se concederá a través do fondo Investimentos Estratéxicos de Galicia (Inesga) para apoiar o financiamento do traslado das instalacións da compañía José Lantero e Hijos. O traslado permitiralle á empresa ampliar a súa capacidade produtiva, incorporando novos equipos de fabricación. Previamente á autorización do Consello, a Comisión delegada da Xunta para Asuntos Económicos acordou declarar o proxecto de especial interese socioeconómico para Galicia.

O proxecto contempla o traslado das instalacións de Lantero e Hijos ao polígono Industrial do Pousadoiro, en Vilagarcía de Arousa, para posibilitar a mellora do produto e un incremento da capacidade produtiva da firma, ao posibilitar a incorporación de novos equipos de fabricación. O investimento previsto pola empresa ascende a 36 millóns de euros, dos que 15,58 millóns son para maquinaria principal que permitirá a ampliación de produción.

Fundada en 1950, a empresa está especializada en fabricación e venda de embalaxes de cartón ondulado. Abastece sobre todo a empresas de alimentación, automoción e pesca. José Lantero e Hijos ten máis de 800 clientes en España e Portugal. É líder do mercado en Galicia e emprega 145 traballadores.



POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 2,35 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E URBANIZACIÓN DE VARIAS ESTRADAS EN VILAGARCÍA

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio entre a CPTOPT e o Concello para a mellora das estradas PO-301 e PO-192 ao seu paso por Solobeira, Cornazo e Bamio en treitos que suman máis de 4,4 quilómetros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Vilagarcía para a mellora da seguridade viaria e a urbanización de varios treitos das estradas PO-301 e PO-192 nos núcleos de Solobeira, Cornazo e Bamio por un importe de 2,35 millóns de euros.

As estradas PO-301 e PO-192 discorren polo termo municipal de Vilagarcía e na práctica pasaron a formar parte da rede viaria municipal. Este carácter de estradas urbanas obriga a axeitar as vías aos seus novos usos, mellorando a súa seguridade viaria e construíndo beirarrúas, aparcadoiros e servizos urbanos antes de proceder á transferencia da súa titularidade ao concello. As actuacións realizaranse na PO-301 en Solobeira entre os puntos quilométricos 1,200 e 1,860, na PO-301 en Cornazo entre os puntos 4,540 e 5,220 e na PO-192 en Bamio entre os puntos 0,810 e 3,890. En total, actuarase nunha lonxitude de 4,420 quilómetros.

Segundo o texto do convenio autorizado hoxe, a Consellería de Política Territorial será a encargada de redactar os proxectos técnicos, financiar a obra e contratar e executar os traballos. Pola súa banda, o Concello de Vilagarcía deberá pór a disposición da consellería os terreos necesarios, obter os permisos e licenzas e asumir a titularidade e posterior mantemento deses treitos das estradas, unha vez que rematen as obras.

Este convenio enmárcase entre os obxectivos da CPTOPT de mellora da rede viaria galega para dotala dunha maior seguridade viaria e incrementar a calidade de vida dos cidadáns.



XUNTA E MEC INVESTIRÁN MÁIS DE 7 MILLÓNS DE EUROS NO PROGRAMA PARA A IMPLANTACIÓN DA LOE EN GALICIA NO VINDEIRO CURSO

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o MEC e a Comunidade galega para o desenvolvemento dun plan de apoio á implantación da LOE*
- *A Consellería de Educación investirá máis de 4,2 millóns de euros e o MEC aportará á Comunidade máis de 2,8 millóns de euros en virtude deste acordo*
- *Este plan permite a posta en marcha e continuación dun conxunto de accións destinadas a facilitar o desenvolvemento da lei e mellorar as competencias do profesorado e do alumnado do ensino non universitario*
- *As dúas administracións educativas invisten neste ano 2007 máis de 53 millóns de euros no desenvolvemento da LOE na Comunidade galega.*

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e Ciencia e a Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento dun programa de apoio á implantación da Lei orgánica de educación (LOE), por importe superior aos 7 millóns de euros. En virtude deste convenio, a Consellería de Educación investirá un total de 4.279.344 euros, dos cales 29.246,17 euros achegaranse en 2007 e os 4.250.097,83 euros en 2008. Pola súa banda, o MEC destinara á Comunidade galega a cantidade de 2.852.895 euros, distribuíndo a cantidade total en 2007. En total, o programa para a implantación da LOE en Galicia contará entre 2007 e 2008 con 7.132.239 euros.

Este plan súmase aos programas desenvolvidos polo Ministerio de Educación e Ciencia e a Xunta de Galicia para a posta en marcha da nova lei. Deste xeito, as dúas administracións educativas invisten neste ano 2007 máis de 53 millóns de euros no desenvolvemento da LOE na Comunidade galega.

Así, o MEC e o Goberno galego traballan conxuntamente en accións destinadas a mellorar a calidade do ensino en Galicia, tales como a escolarización de nenos de 3 a 6 anos; a gratuidade de libros de texto; o programa de apoio a ensinanza e aprendizaxe de linguas estranxeiras (PALE); o programa de reforzo, orientación e apoio en educación primaria e secundaria (PROA), a mellora das bibliotecas escolares, e outros programas complementarios, tales como rutas literarias e escolas viaxeiras.

Así, a través do acordo aprobado hoxe polo Goberno galego, preténdese impulsar as actuacións da Comunidade galega en relación cos seguintes programas: formación do profesorado en aspectos xerais da LOE, en programas ou áreas específicas que se incorporaron ao currículo ou que sofren modificacións de maior envergadura; apoio á implantación da ensinanza e a aprendizaxe de linguas estranxeiras (PALE); mellora do éxito escolar; e programas dirixidos a diminuír as taxas de abandono temperá da



escolarización. Os catro programas serán sufragados achegando a Consellería de Educación o 60% do custo total e o MEC o 40% restante.

En concreto, o programa de formación do profesorado, que terá un custo de 853.252 euros, permitirá o desenvolvemento de accións de difusión e formación dos docentes galegos en torno á LOE; o fomento de actuacións cooperativas como grupos de traballo, seminarios permanentes e formación en centros; e a elaboración e difusión de materiais e boas prácticas entre o profesorado da comunidade.

Para o desenvolvemento do programa de apoio ao ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras para o profesorado durante o curso 2007/08 destinaranse 1.516.666 euros. Este programa incluírá un itinerario formativo para o profesorado de linguas estranxeiras ou que imparta algunha materia non lingüística nunha lingua estranxeira nas etapas de educación infantil, primaria e secundaria, consistente nunha fase inicial de formación en Galicia, unha fase de inmersión no estranxeiro e unha fase de avaliación de novo na Comunidade galega.

O programa para a mellora do éxito escolar, no cal se investirán 3.687.308 euros, ten como obxectivo a mellora do rendemento académico do alumnado e, como consecuencia, propiciar o camiño de cara ao aumento de alumnas e alumnos titulados en educación secundaria obrigatoria (ESO). Deste xeito, a través deste programa traballarase para mellorar os resultados académicos incidindo na atención á diversidade, impulsando a motivación do alumnado e reforzando a orientación, entre outras medidas.

Ao mesmo tempo, este convenio favorecerá o desenvolvemento dun programa dirixido a diminuír as taxas de abandono temperán da escolarización que incluírá actuacións con asociacións de nais e pais de alumnas e alumnos (ANPAs) e concellos, de forma compartida; apertura de centros fóra do horario escolar; creación de redes de apoio; e atención por zonas. Deste xeito, reforzarase a motivación, a autoestima e a capacidade de xestionar o esforzo persoal, ao tempo que se incidirá na orientación tanto académica como vocacional e se lle facilitará ao alumnado toda a información precisa sobre as vías de ida e volta aos estudos. Este programa contará cun importe de 1.075.013 euros.



EDUCACIÓN E FEUGA REFORZARÁN A VALORIZACIÓN DE RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN E CAPACIDADES CIENTÍFICAS DAS UNIVERSIDADES GALEGAS

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración entre a Administración educativa e a Fundación Empresa-Universidade Galega para este fin*
- *A Consellería de Educación destina 593.500 euros para esta acción*
- *FEUGA, no marco do Plan estratéxico 2007-2010, desenvolve distintas accións nos eidos da divulgación científica, a innovación tecnolóxica, a formación e os recursos humanos*

O Consello da Xunta aprobou un convenio de colaboración plurianual entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA), para o apoio á valorización de resultados de investigación e capacidades científicas do Sistema Universitario de Galicia (SUG), así como a promoción da inserción laboral de titulados na empresa.

O obxectivo é establecer as condicións por que se rexerá a colaboración entre a Administración educativa e FEUGA, de cara a apoiar as actividades do *Plan Estratéxico 2007-2010* da Fundación. FEUGA aprobou e implementou este plan, a fin de priorizar catro eixes de acción en canto ao seu papel promotor e mediador das relacións de investigación universidade-empresa: divulgación científica, innovación tecnolóxica, formación e recursos humanos.

A Consellería destina un total de 593.500 euros para esta acción, dos cales 359.500 euros distribuiranse con cargo aos orzamentos de 2007, e os restantes 234.000 en 2008.

A Consellería de Educación e FEUGA coinciden en salientar a necesidade de fomentar actividades que conduzan ao desenvolvemento de capacidades e servizos para a xestión do coñecemento científico e a valorización e proxección económica das actividades e resultados de investigación. Neste senso, promoverán a optimización e aproveitamento dos recursos dispoñibles e o apoio e colaboración coas unidades de transferencia de tecnoloxía das tres universidades galegas. Así mesmo, a Fundación, no marco do seu programa de inserción laboral de titulados universitarios, promoverá a dotación de bolsas empresariais con obxectivos de innovación e a súa asignación a titulados con perfil idóneo para estas tarefas.



A XUNTA CONTRIBÚE CON CASE 500.000 EUROS A FINANCIAR O IES *RAFAEL PUGA RAMÓN* DA CORUÑA

O Consello da Xunta autorizou o compromiso que deriva do convenio entre a Consellería de Educación e a Deputación Provincial da Coruña para o funcionamento do Instituto de Educación Secundaria (IES) *Rafael Puga Ramón* durante o ano 2008. Este centro docente depende da Deputación Provincial da Coruña, órgano encargado da súa xestión.

Segundo este acordo, a Administración educativa galega achegará 490.097 euros para o funcionamento deste centro na anualidade de 2008. Mediante a formalización deste convenio mantense a subvención que se lle viña outorgando ata a actualidade a este centro docente, co obxecto de cubrir o servizo público que presta aos alumnos escolarizados nel. Este convenio renóvase por anos naturais por acordo expreso das partes, mediante a formalización da correspondente addenda.

INNOVACIÓN E INDUSTRIA TOMARÁ PARTE NO CONSORCIO DE TURISMO 'AROUSA NORTE'

- *O director xeral de Turismo, Rubén Lois, será o representante da consellería neste organismo*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a participación da Consellería de Innovación e Industria, a través da súa Dirección Xeral de Turismo, na constitución do Consorcio de Turismo 'Arousa Norte', na que tamén tomarán parte a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Empresarios de Arousa Norte.

Este consorcio terá como finalidades a de dar continuidade ás actuacións conxuntas que se veñen levando a cabo nos últimos tempos a través do Plan de dinamización turística e a de artellar a cooperación das principais entidades galegas con competencias en turismo que permitan consolidar os concellos da zona, como son A Pobra, Boiro, Rianxo e Ribeira.

O representante da consellería neste organismo será o director xeral de Turismo, Rubén Lois, que tamén formará parte da comisión xestora que se vai responsabilizar de tramitar o expediente e elaborar os seus estatutos.

Esta entidade ten como finalidade a de ser unha ferramenta eficaz para artellar a cooperación das principais entidades con competencias para o desenvolvemento e a consolidación do destino turístico Arousa Norte.



O GOBERNO GALEGO IMPULSA A IMPLANTACIÓN DA TITULACIÓN DE DIRECCIÓN E PLANIFICACIÓN DO TURISMO

- *A Consellería de Innovación e Industria colaborará coas tres universidades galegas na posta en marcha deste programa de posgrao*

A Consellería de Innovación e Industria colaborará coas universidades da Coruña, Santiago e Vigo para a creación do programa de posgrao en dirección e planificación do turismo. O Consello da Xunta deu luz verde esta mañá á firma do convenio de colaboración en que se recollen as contías económicas con que a Consellería participará neste proxecto, axudando así ao financiamento do seu desenvolvemento.

Mediante este convenio aprobado hoxe, e que estará en vixencia ata o 2010, destinaranse, a través dos créditos orzamentarios da Dirección Xeral de Turismo, un total de 804.000 euros para as anualidades 2007-2010, distribuídos en partes iguais entre as tres universidades e que servirán para financiar o 90,9% do Doutoramento. Así, a Consellería de Innovación e Industria investirá un total de 90.000 euros no 2007 e 238.000 nos tres seguintes anos.

Coa implantación deste novo posgrao nas universidades galegas, a comunidade pasará a ser a pioneira en todo o estado en ofertar unha formación en turismo que impartirá materias de investigación e da súa metodoloxía co fin de preparar profesionais que sexan quen de ocupar os postos de responsabilidade nas empresas do sector turístico, que poidan integrarse nos departamentos de desenvolvemento das empresas turísticas e que poidan tomar parte en grupos de investigación para o avance do sector.

Con este convenio contribuirase a apoiar as iniciativas conducentes á formación de profesionais de alto nivel para a dirección e a planificación de actividades, empresas e entidades turísticas, e a formación de expertos que orienten a súa carreira profesional ao ámbito da investigación en turismo, xa que este é un sector clave no desenvolvemento económico e social de Galicia.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA APORTARÁ 559.305 EUROS PARA A AMPLIACIÓN DA SUBESTACIÓN DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS

- *A Consellería e a empresa Unión Fenosa asinarán un convenio mediante o cal se regularán as axudas para a mellora do servizo eléctrico da zona*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o texto do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a empresa Unión Fenosa Distribución, S.A., que permitirá o investimento de máis de medio millón de euros, concretamente 559.305 euros, para as tarefas de ampliación da subestación que a compañía eléctrica posúe na localidade ourensán de San Cibrao das Viñas e que se destinarán á execución das instalacións eléctricas.

Este investimento supón una subvención do 53% do total do presuposto do custo desta mellora no servizo eléctrico, cuxa contía total ascende a 1.005.293 euros. O resto do financiamento correrá a cargo da empresa, destinado ás instalacións eléctricas. Ademais, por este acordo, que estará vixente ata o final do ano 2008, acórdase o financiamento das actividades pertinentes para as melloras eléctricas na zona, que consisten na colocación dun novo transformador de 30 MVA.



O GOBERNO GALEGO ASINA UN CONVENIO COA OTRI DO CSIC PARA FINANCIAR AS ACCIÓNS DE APOIO E ASESORAMENTO AO SISTEMA DE I+D+i

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá o convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) para o financiamento da Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI) do CSIC para levar a cabo as súas actividades de apoio á investigación, de transferencia de resultados e de asesoramento ao emprendemento. Execútanse así os compromisos establecidos no Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006 – 2010 (INCITE) en relación coa función das OTRIS no sistema galego de investigación e innovación.

A través deste convenio, a Consellería de Innovación e Industria aporta 1.456.716 euros para o potenciamento da OTRI do CSIC nos vindeiros anos (2008-2010). Grazas a esta colaboración, a transferencia de tecnoloxía e a creación de empresas de base tecnolóxica de todo o CSIC radicará en Galiza e seguirá a metodoloxía do modelo galego.

O acordo establece unha serie de accións encamiñadas a estimular a adecuada dotación de recursos humanos nesta OTRI e a ordenar e potenciar as súas funcións. Entre as actividades que financiará a Consellaría de Innovación e Industria figuran a caracterización e a avaliación da oferta tecnolóxica dos Institutos do CSIC en Galiza, a difusión da súa oferta tecnolóxica en áreas de interese para as empresas e para a sociedade, a elaboración de fichas de oferta de I+D dos grupos e a organización dun programa de visitas a empresas.



A XUNTA ASINA UN CONVENIO CO MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA PARA CREAR UN CENTRO DE EXCELENCIA EN ELECTRÓNICA PARA VEHÍCULOS INTELIXENTES

- *O centro constituirá unha ampliación do actual Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG)*
- *O Ministerio de Educación e Ciencia concédelle á Xunta de Galicia un anticipo reembolsable de 10 millóns de euros para a construción e o equipamento do centro*

A Consellería de Innovación e Industria e o Ministerio de Educación e Ciencia (MEC) asinaron un convenio para o financiamento do Centro de Excelencia en Electrónica para Vehículos Intelixentes. En virtude deste convenio, cuxa sinatura foi aprobada hoxe polo Consello da Xunta, o MEC concédelle á Xunta de Galicia un anticipo reembolsable de 10 millóns de euros para a construción das instalacións, o equipamento e a posta en marcha do centro. A construción correrá a cargo da Fundación para a Promoción da Innovación, da Investigación e do Desenvolvemento Tecnolóxico na Industria de Automoción en Galicia.

O centro terá como obxectivo fundamental conformar un sistema integral de investigación, desenvolvemento e validación de sistemas e vehículos intelixentes que englobe todas as infraestruturas necesarias para poder darlle resposta ás futuras necesidades do sector. Coa creación desta infraestrutura preténdese, ademais, fomentar a I+D+i de calidade e xerar novas patentes e procedementos tecnolóxicos que potencien a transferencia dos resultados de investigación ao sector industrial. O Centro ten a vocación de propiciar a aparición dun número suficiente de grandes especialistas nas áreas do centro e a creación de empresas *spin off* de base tecnolóxica para aumentar a capacidade do sector galego da automoción.

Este centro quedará englobado dentro do Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG) e constará de varios edificios con diferentes usos. O novo centro de excelencia pretende erixirse nun centro de referencia a nivel europeo no eido da investigación e do desenvolvemento de sistemas electrónicos para vehículos intelixentes, contribuíndo á consolidación dun polo de competencia en automoción a nivel mundial en Galicia. Actualmente, non existe a nivel estatal nin europeo unha infraestrutura agrupada dedicada de forma global á “electrónica para vehículos intelixentes”. Para desenvolver a súa actividade, o centro dotarase dunha serie de laboratorios e instalacións singulares.



MEDIO RURAL ACORDA DECLARAR A PREVALENCIA DE UTILIDADE PÚBLICA DO PROXECTO DE INSTALACIÓN DA LIÑA ELÉCTRICA DE ALTA TENSIÓN SOBRE A COMUNIDADE DE MONTES DE MANDA, EN MAZARICOS

A Consellería do Medio Rural declarou a prevalencia de utilidade pública do proxecto de instalación da liña eléctrica de alta tensión a 66Kv, para o parque eólico Pedregal-Tremuzo, no Concello de Mazaricos sobre a do monte veciñal Manda, promovido pola empresa *Sistemas Energéticos Muros Outes SA*, agora Gamesa.

A Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais ratificou un informe positivo da Delegación Provincial do Medio Rural, elaborado despois de que se lle comunicara o expediente á comunidade afectada sen que se efectuasen alegacións. Así, infórmase favorablemente a prevalencia de utilidade pública do proxecto sobre o uso propio do monte, cunha superficie de afección de 28.700 m².

Este trámite de declaración de utilidade pública é preceptivo para a aprobación de proxectos de instalacións eléctricas de xeración, transporte e distribución de enerxía eléctrica, para os efectos de expropiación forzosa dos bens e dereitos necesarios para o seu establecemento.

O PROGRAMA ESTRATÉXICO DE INFRAESTRUTURAS NO MEDIO RURAL INVESTIRÁ MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS NO PROGRAMA ESPECIAL DA COMARCA DA LIMIA

A Consellería do Medio Rural desenvolve o Plan especial de infraestruturas para a comarca da Limia, correspondente ao Programa estratéxico de infraestruturas (PEIM), de acordo con proxectos de dinamización da base produtiva e de obras de servizos básicos, mediante o que asinará convenios con 12 concellos da comarca da Limia para a execución de proxectos cun investimento plurianual de 1.082.519 euros, tal como acordou o Consello da Xunta.

Nesta fase, de acordo co Plan especial de infraestruturas para a comarca da Limia investiranse 1.082.519 euros, repartidos en tres anualidades, nos seguintes concellos: Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Xinzo de Limia e Xunqueira de Ambía. Este Plan especial de infraestruturas vai preparar a comarca da Limia para afrontar os retos dunha agricultura moderna, viable e sustentable

O Programa estratéxico de infraestruturas no medio rural prevé a realización de proxectos en todos os concellos de Galicia, desenvolvidos de acordo cuns criterios de dinamización da base produtiva, co obxectivo de dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación; de infraestruturas de servizos básicos como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas ou pistas rurais; así como aqueles de singular natureza que entren nas competencias da consellería. Estas actuacións serán financiadas con cargo ao Feader.

Ademais, asinouse unha addenda de modificación do convenio de colaboración co Concello de Santa Comba, por un importe total de 274.069 euros.

O PEIM naceu co fin de racionalizar, mediante a introdución de criterios obxectivos acordados coa FEGAMP, os investimentos en obras de infraestruturas destinadas a mellorar a calidade de vida dos habitantes das zonas rurais e a potenciar o seu desenvolvemento, coa dotación de equipamentos públicos e de servizos básicos elementais necesarios para contribuír a fixar poboación.



O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PRORROGA, POR UN IMPORTE DE MÁIS DE 103 MILLÓNS DE EUROS, OS CONTRATOS PROGRAMA DE DIVERSOS CENTROS DEPENDENTES DA ADMINISTRACIÓN SANITARIA GALEGA

- *Estes centros prestan servizos de asistencia sanitaria á cidadanía galega, así como outras actividades complementarias ou de apoio á atención sanitaria*
- *O Consello da Xunta acordou tamén prorrogar, por outro importe superior aos 15 millóns, o concerto establecido entre o Servizo Galego de Saúde e o Centro Oncolóxico da Coruña; e o Hospital Domínguez de Pontevedra*

O Servizo Galego de Saúde vai prorrogar os contratos programa que ten establecidos con diversos organismos dependentes do departamento que preside María José Rubio Vidal, para a prestación de servizos de asistencia sanitaria, así como outras actividades complementarias ou de apoio á atención sanitaria que se presta á cidadanía galega. Así o autorizou hoxe o Consello da Xunta de Galicia presidido por Emilio Pérez Touriño.

Os organismos obxecto destas prórrogas son o Instituto Galego de Medicina Técnica, por un importe inicial para o 2008 de 26.578.802 euros; Urgencias Sanitarias de Galicia-061, por 37.933.687 euros; o Hospital Virxe da Xunqueira, por 16.945.321 euros; o Hospital da Barbanza, por 20.061.795 euros; e Medicina Xenómica de Galicia, por 1.575.500 euros, o que suma un total de máis de 103 millóns de euros.

Ademais, o Goberno galego tamén acordou a prórroga do concerto vixente entre o Servizo Galego de Saúde e o Centro Oncolóxico de Galicia, na Coruña, para a prestación de servizos en materia oncolóxica durante o vindeiro ano, por un importe de 11.189.600 euros, e co Hospital Domínguez, na área sanitaria de Pontevedra, por outros 4.000.000 euros.



A XUNTA AUTORIZA O GASTO PLURIANUAL PARA A CONVOCATORIA DE BOLSAS DE FORMACIÓN DE PERSOAL ESPECIALISTA EN INVESTIGACIÓN MARIÑA

- *A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos achegará para a concesión destas axudas un total de 105.462,00 euros repartidos nas anualidades 2008, 2009 e 2010*
- *Trátase da concesión de tres bolsas de formación de dous anos de duración, prorrogables por outro máis, e destinadas a titulados superiores universitarios*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o compromiso de gasto plurianual correspondente á *Orde pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria de bolsas de formación de persoal especialista en investigación mariña*, correspondentes ao programa de recursos humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (PGIDIT) do Goberno galego. Ademais, procedeuse tamén a dar o visto e prace á próxima convocatoria destas axudas.

O obxecto desta convocatoria será a concesión de tres bolsas de dous anos de duración, prorrogables por outro ano máis, e destinadas a titulados superiores universitarios, para a realización de teses de doutoramento nos seguintes proxectos: *"Estudo da presenza de tumores en solénidos. Posible orixe. Aspectos biolóxicos e xenéticos"*; *"Estudo do stock das poboacións de vieira Pecten maximus nas rías galegas"*, e *"Estudo da perkinsose no litoral español: caracterización de variantes taxonómicas do parasito, do seu ciclo de vida e da resposta inmunitaria do hóspede"*.

Para a concesión destas axudas de formación a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos achegará un total de 105.462,00 euros, repartidos en tres anualidades: 40.700,00 euros no ano 2008, 54.872,00 no 2009 e 9.890,00 no 2010.

Programas dedicados aos recursos humanos e recursos mariños

O Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (PGIDIT), foi creado polo Goberno galego coa finalidade de fomentar a investigación científica e o desenvolvemento e innovación tecnolóxica de cara a promover o desenvolvemento económico, social e produtivo de Galicia. O PGIDIT está integrado por liñas de actuación xerais, sectoriais e horizontais. Dentro das horizontais figura o programa de recursos humanos, destinado a incrementar o persoal dedicado a actividades de I+D+i, tanto en número como en especialización. Así mesmo, nas liñas de actuación sectoriais atópase un programa dedicado aos recursos mariños, que ten como propósito actuar sobre dúas áreas fundamentais neste eido: a pesca e a acuicultura, que cada vez exixen unha maior presenza de persoal con altos niveis de formación e experiencia.



PESCA INVESTIRÁ MÁIS DE 800.000 EUROS NO PLAN DE RECUPERACIÓN DA RÍA DO BURGO NO CAL PARTICIPARÁN MARISCADORES A PÉ E A FLOTE

- *Esta partida será maioritariamente para compensar as actividades desenvolvidas durante o primeiro semestre de 2008, entre as que se atopan accións formativas, de acondicionamento e rexeneración, de vixilancia ou de limpeza do mexillón e restos antropóxeos*
- *Esta actuación forma parte das iniciativas impulsadas pola Consellería de Pesca para paliar as consecuencias da catalogación das áreas de produción como "zona C"*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de dous convenios de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Confraría de Pescadores da Coruña, mediante os que o departamento que dirixe Carmen Gallego achegará un total de 807.550 euros para o plan de recuperación da Ría do Burgo. Nestas accións estarán implicados tanto mariscadores a pé como a flote do devandito pósito e a partida financiarase con cargo aos Orzamentos Xerais de Galicia e será susceptible de ser cofinanciada polo Fondo Europeo de Pesca (FEP).

Así, o Goberno galego deu o seu visto e prace á subscrición dunha addenda que amplía e prorroga o protocolo que xa puxeron en marcha Pesca e a confraría coruñesa en marzo deste ano e que afecta as mariscadoras a pé. Ademais, o Consello autorizou un novo convenio entre o departamento que dirixe Carmen Gallego e o devandito pósito para a realización do plan de recuperación produtiva do marisqueo a flote na Ría da Pasaxe en 2008.

Estas actuacións forman parte das iniciativas que está impulsando a Consellería de Pesca para paliar a diminución de ingresos á que se ven abocados os traballadores do mar en varias rías galegas pola clasificación das súas zonas de produción de moluscos bivalvos como "C", o que lles impide comercializar en fresco o recurso extraído nestas áreas.

Addenda do convenio que afecta os mariscadores a pé

En relación á addenda, cabe sinalar que, por unha banda, amplía en 58.327,58 euros o importe recollido no convenio suscrito o 9 de marzo de 2007 (1.151.462,40 euros) para o desenvolvemento das actividades previstas ata finais de decembro á vista dos traballos pendentes. Por outra banda, supón a prórroga do protocolo asinado o pasado mes de marzo ata o 30 de xuño do próximo exercicio.

As actuacións que a confraría se compromete a realizar, mediante a participación das mariscadoras a pé, son: acondicionamento e rexeneración dos bancos marisqueiros, vixilancia e accións formativas. No primeiro punto, as mariscadoras levarán a cabo a



limpeza de mexillón nos bancos que están sendo invadidos por esta especie, así como de restos antropóxicos (madeiras, ferros, plásticos,...); acondicionarán o substrato nos bancos do intermareal; farán achegas de area; accións de semicultivo, e desenvolverán traslados de marisco.

En canto á vixilancia, a presenza das patrullas de mariscadoras na Ría durante a baixamar considérase moi importante como efecto disuasorio e unirase ás tarefas neste eido do Servizo de Gardacostas, das forzas e corpos de seguridade do Estado e dos vixilantes da confraría. Pola súa banda, a actividade formativa proposta céntrase na realización dun curso completo de recolector de algas.

Ademais, o pósito comprométese a programar e distribuír os traballos, así como o seu efectivo desenvolvemento; facer un seguimento xunto coa Consellería das accións; e proporcionarlle ao departamento autonómico a información que sobre as actuacións previstas no convenio lle sexa requirida.

Para estas accións Pesca destinará 574.861,20 euros que serán aboados unha vez se vaian realizando os traballos e a Confraría vaia presentado a documentación exixida. O plan de traballo prevé 10 días mensuais de actividade, con quendas de catro horas (dúas antes e outras dúas despois da baixamar) e polos cales cada mariscadora percibirá 82 euros por xornada, mentres que o pósito percibirá por parte de Pesca un cinco por cento do importe das tarefas de cada mes polo seu labor de coordinación e control dos traballos.

Convenio cos mariscadores a flote

A clasificación da Ría do Burgo como zona "C" tamén afectou os mariscadores a flote que non puideron comezar a campaña extractiva e que coa finalidade de paliar os efectos da inactividade tamén asinaron un convenio coa Consellería de Pesca o pasado 2 de novembro, que estará vixente ata o final deste mes.

En vista da proximidade desta data e dos resultados do seguimento da calidade das augas considérase conveniente consensuar unha nova proposta de actuación. É por isto que o departamento autonómico e a Confraría coruñesa subscribirán un novo protocolo, con vixencia ata o 30 de xuño de 2008, para a realización do plan de recuperación produtiva do marisqueo a flote, que contará cunha achega da consellería de 174.361,22 euros.

Ao abeiro deste convenio, os mariscadores a flote terán que desenvolver tres tipos de actividades: limpeza de mexillón e restos antropóxicos na canle da autorización marisqueira; acondicionamento desas áreas unha vez queden limpas; e traslados de ameixa babosa dende a canle de autorización ata a de libre marisqueo e o banco do Parrote, sempre que o aconsellen os ditames dos biólogos da consellería.



Neste caso propónse un plan de traballo de 48 días, que se desenvolverá preferentemente entre os meses de xaneiro e abril, percibindo cada traballador 82 euros por cada xornada, mentres que o pósito percibirá por parte de Pesca un cinco por cento do importe das tarefas de cada mes por actividades de xestión e control dos traballos.



A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE EXECUTARÁ OBRAS DE ABASTECIMENTO EN VARIAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE MOS (PONTEVEDRA) POR UN IMPORTE DE MÁIS DE 600.000 EUROS

- *Estas actuacións solucionarán os problemas de abastecemento de auga nas parroquias de Torroso, Mos e Louredo*
- *As obras estarán financiadas nun 70,65% pola consellería e nun 29,35% polo concello*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible executará obras de abastecemento en varias parroquias do concello pontevedrés de Mos, por un importe de 613.167 euros. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre as administracións autonómica e local para acometer este proxecto.

O obxectivo destas actuacións é solventar os problemas de abastecemento das parroquias de Torroso, Mos e Louredo, co fin de que todos os núcleos teñan servizo de auga potable en cantidade e calidade suficiente. Para elo está prevista a construción dunha rede de abastecemento mediante a instalación de oito tramos de tubos conectados desde a rede principal.

As obras, que contan cun prazo de execución de nove meses, estarán financiadas nun 70,65% pola Consellería de Medio Ambiente e nun 29,35% polo Concello de Mos. Deste xeito, o departamento que dirixe Manuel Vázquez realizará unha achega de 433.167 euros con cargo aos orzamentos da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH) e o concello achegará 180.000 euros.



AUGAS DE GALICIA E O INSTITUTO DO MAR DA UNIVERSIDADE DE COIMBRA COLABORARÁN NA REALIZACIÓN DA MODELIZACIÓN HIDRODINÁMICA E DA CALIDADE DAS AUGAS NAS RÍAS GALEGAS

- *A Administración hidráulica investirá 56.000 euros na realización destes traballos, que o Instituto do Mar xa desenvolveu en moitas áreas costeiras e rías con óptimos resultados*
- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración para a posta en marcha do proxecto*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través do organismo autónomo de Augas de Galicia, e o Instituto do Mar (IMAR) da Universidade de Coimbra (Portugal) colaborarán na realización da modelización hidrodinámica e de calidade das augas nas rías de Galicia. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio entre ambos os dous organismos para a posta en marcha deste proxecto, que contará cun investimento de 56.000 euros por parte da Administración hidráulica.

O convenio permitirá que Augas de Galicia dispoña das ferramentas necesarias para obter un modelo da calidade das augas das rías galegas, en función do comportamento hidrodinámico destas e das descargas de contaminantes que se producen desde os ríos e desde os efluentes urbanos e industriais. Esta modelización é aplicable a todas as rías galegas e naquelas en que xa está implantado un modelo, como é o caso das rías de Vigo e Pontevedra, revisarase a súa operatividade.

Modelo de calidade da auga

A execución do modelo de calidade da auga incluírá a localización das principais fontes de contaminación fecal nas zonas costeiras, a simulación da mortalidade de coliformes na auga do mar e a simulación de contaminación de bivalvos.

Co obxectivo de localizar os principais focos de contaminación e poder simular as variacións na concentración de coliformes na auga, o equipo de traballo avaliará as estacións depuradoras e emisarios submarinos, tendo en conta a situación do punto de vertedura procedente da EDAR, o tipo de tratamento, o caudal e temperatura de vertido e a concentración de coliformes na auga vertida; así como as descargas procedentes dos ríos, dos efluentes agrícolas e gandeiros e das industrias.

Este modelo incorporará a simulación da mortalidade de coliformes en auga do mar e da súa acumulación no mexillón e noutros bivalvos nos bancos de marisqueo.



Modelo hidrodinámico

O modelado hidrodinámico simulará os fluxos de masas de auga onde a súa velocidade sexa menor que a velocidade da onda de presión, e axudará a entender os procesos bioxeoquímicos nos océanos, áreas costeiras, rías e lagoas. O IMAR xa aplicou con anterioridade modelos hidrodinámicos deste tipo ao longo da costa portuguesa e nas rías galegas de Vigo e Pontevedra, ademais de nalgúns estuarios europeos e sudamericanos e en mar aberto, obtendo óptimos resultados.



A XUNTA AUTORIZA O GASTO DE 18,8 MILLÓNS DE EUROS, ATA 2017, PARA A EXPLOTACIÓN INTEGRAL DA DEPURADORA DOS PRACERES (PONTEVEDRA)

- *A contía destinarase á posta en funcionamento da ampliación da edar, rematada en 2005*
- *O novo contrato permitirá que toda a instalación, primeira e segunda fase, estea en mans dun único concesionario para a súa explotación*

O consello da Xunta autorizou hoxe o gasto de 18.861.475 euros, ata 2017, para a explotación da ampliación da depuradora dos Praceres, na cidade de Pontevedra, . Esta instalación foi construída en dúas fases, unha primeira, remata en 2003 e en funcionamento, que consistiu na execución da propia edar; e unha segunda, que consistiu na ampliación das instalacións iniciais, rematada en 2005. No obstante, estas últimas infraestruturas nunca chegaron a funcionar, debido a que a explotación da primeira edar estaba cedida ao concello e as da segunda se adxudicaron a unha concesionaria distinta da primeira por parte do anterior goberno da Xunta.

Coa finalidade de unificar a súa xestión e lograr a posta funcionamento integral de toda a depuradora, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh) asumiu este mesmo ano a explotación e xestión da depuradora de Pontevedra, quedando pendente a posta en funcionamento da ampliación. Con tal motivo, a empresa pública elevou hoxe ao consello un novo acordo coa finalidade de autorizar os gastos para a xestión da ampliación.

O acordo aprobado hoxe permitirá a Eposh asumir a explotación integral da depuradora a través dun único concesionario, garantindo, deste xeito, a unidade e independencia funcional do sistema de depuración. O custo derivado desta operación ascenderá a 18.861.475 euros ata 2017. Desta contía, para o vindeiro ano, 2008, destinaranse 2,1 millóns de euros.



TRABALLO INVESTIRÁ MÁIS DE 64 MILLÓNS DE EUROS NA POSTA EN MARCHA DE ESCOLAS OBRADOIRO E CASAS DE OFICIO, OBRADOIROS DE EMPREGO E UNIDADES DE PROMOCIÓN ATA 2010

- *Con esta nova convocatoria consolídase a impartición dun módulo de sensibilización en igualdade de xénero*
- *Un dos criterios que se terá en conta á hora de seleccionar os proxectos será a distribución territorial dos fondos. Ademais terán prioridade as iniciativas que xurdan como consecuencia dos pactos territoriais de emprego*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, aprobou a orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas e casas de oficio, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento. Para a posta en marcha destas iniciativas, que se desenvolverán ata o ano 2010, Traballo dedicará unha partida orzamentaria de máis de 64 millóns de euros.

Con esta convocatoria consolídase a introdución dentro da formación dos alumnos e alumnas dun módulo de sensibilización en igualdade de xénero.

Segundo a liña iniciada no ano 2006 e en coherencia co acordo *Obxectivos e Medidas de Emprego de Galicia* acadado no marco do diálogo social, manteranse criterios obxectivos para a distribución territorial dos fondos e estableceranse as porcentaxes indicativas dos colectivos prioritarios de beneficiarios e beneficiarias das políticas activas de emprego. Ademais, tamén terán prioridade aqueles proxectos que xurdan como consecuencia dos Pactos Territoriais de Emprego, fórmula que está poñendo en marcha a Consellería de Traballo para trasladar a concertación social do eido do emprego ao contorno local. Un Pacto Territorial de Emprego é un instrumento de participación da Administración local e dos axentes económicos e sociais nas políticas da Consellería de Traballo.

A finalidade destas actividades é a mellora da empregabilidade e ocupabilidade das persoas desempregadas, mediante a realización de obras ou servizos de interese xeral e social. Deste xeito, posibilitáselle ao alumnado traballador a realización dun traballo que lle reporte cualificación profesional e favoreza a súa inserción laboral.

Segundo se recolle no texto da orde, a programación destas iniciativas formativas estará relacionada cos plans integrais de emprego, de xeito que dean resposta ás demandas do mercado de traballo e que sexan capaces de activar o desenvolvemento territorial, é dicir, que xeren riqueza e postos de traballo.



Os beneficiarios dos programas de formación-emprego son os mozos e mozas inscritos no Servizo Público de Emprego como demandantes de emprego, menores de 25 anos no caso das escolas obradoiro e casas de oficios, ou maiores de 25 anos no caso dos obradoiros de emprego. Por outro lado, as mulleres representarán un total do 64% dos beneficiarios, as persoas demandantes de primeiro emprego serán un 15%, do cal o 77% serán mulleres, mentres que as persoas desempregadas de longa duración suporán un 42% dos beneficiarios (un 70% mulleres).

En canto aos beneficiarios das subvencións, os proxectos de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego poderán ser promovidos por organismos autónomos e entes públicos da nosa Comunidade ou do Estado, entidades locais, consorcios e universidades, así como fundacións, asociacións e outras entidades sen ánimo de lucro.

As entidades que desexen promover un proxecto mixto de formación-emprego deberán presentar as súas propostas nas delegacións provinciais da Consellería de Traballo antes do 15 de xullo de 2008.

Escolas obradoiro e casas de oficios

As escolas obradoiro son unidades de carácter temporal nas cales a aprendizaxe e a formación alternan cun traballo produtivo en actividades relacionadas coa recuperación ou promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural. Por outra banda, as casas de oficios son centros de aprendizaxe e de animación do emprego xuvenil de carácter temporal, con implantación principalmente nos núcleos urbanos. A aprendizaxe e a cualificación alternan cun traballo produtivo en actividades relacionadas co mantemento e coidado de contornos urbanos ou do medio ambiente.

Obradoiros de Emprego

Outras das modalidades dos programas de formación-emprego son os obradoiros de emprego. Estes proxectos mixtos combinan accións de formación e emprego dirixidos a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas maiores de 25 anos coa finalidade de facilitar a súa posterior integración no mercado de traballo.

Tanto nas escolas obradoiro como nos obradoiros de emprego e as casas de oficio impártese unha formación complementaria que inclúe coñecementos informáticos, sensibilización medioambiental e en igualdade de xénero. Tamén se ofrecerán módulos formativos sobre prevención de riscos laborais, relacionados coa actividade que se vai desempeñar.

Unidades de promoción e desenvolvemento

As unidades de promoción e desenvolvemento son módulos de intervención en ámbitos territoriais supramunicipais. Entre as súas funcións destaca a súa



colaboración na preparación, acompañamento e avaliación dos proxectos de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego, ademais de traballar na posta en valor das potencialidades de desenvolvemento e emprego do seu territorio.

Coa implantación destas medidas, a Consellería de Traballo trata de fomentar o emprego estable e sen precariedade, a igualdade entre homes e mulleres, a mellora das relacións laborais, unha formación permanente e eficaz e o crecemento da economía e do tecido produtivo. O obxectivo é situar a Galicia nuns indicadores aceptables de convivencia e de cohesión social, que se axusten a parámetros medios en correspondencia coa Unión Europea.



A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO SUBVENCIONA CON 86.400 EUROS O ALUGAMENTO PARA O REALOXAMENTO DE 8 FAMILIAS DOS POBOADOS CHABOLISTAS DOS MUÍÑOS E O BOSQUE EN CULLEREDO

- *O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería e o Concello de Culleredo para o realoxamento destas familias*
- *A Consellería subvenciona con 300 € mensuais o alugamento para cada familia durante 3 anos e o Concello con outros 100 € mensuais*

A Consellería de Vivenda e Solo subvencionará con 86.400 euros o alugamento para o realoxamento de 8 familias que viven nos poboados chabolistas dos Muíños e O Bosque, no municipio de Culleredo. O Consello da Xunta autorizou hoxe, a proposta da Consellería de Vivenda e Solo, a sinatura dun convenio de colaboración entre a consellería e o concello para subvencionar o alugamento a 8 familias e promover así a súa integración social.

O importe total desta actuación ascende a 129.600 euros, dos cales o Departamento Autonómico achega 86.400 euros -o 66,67%- o que supón unha subvención de 300 euros mensuais para cada familia durante 3 anos. Pola súa banda o Concello achega 28.800 euros -o 22,22%-, é dicir, unha subvención de 100 euros mensuais por vivenda. O resto do importe do alugamento será achegado polas propias familias.

O Concello de Culleredo encargárase de buscar as vivendas para o realoxamento dos chabolistas e de facer un seguimento para comprobar a integración social das familias. O concello tamén se encargará de derrubar as construcións dos poboados e sanear os terreos a través da recollida de escollos e limpeza do terreo.

Este convenio asínase ao abeiro da Lei 5/1989, do 24 de abril de medidas para a erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. A orde da Consellería de Vivenda e Solo, do 21 de xullo de 2006 de subvencións aos concellos, establece axudas de ata o 80 por cento do alugamento cun importe máximo de 300 euros por vivenda durante 3 anos.

Esta orde tamén prevé subvencións para a adquisición de vivendas novas ou usadas por parte das entidades locais coa finalidade de realoxar aos residentes de chabolas. A subvención da Consellería poderá acadar ata o 80% do prezo da vivenda.

Ademais, o propio chabolista pode adquirir unha vivenda, nova ou usada, ou promover el mesmo a construción da súa vivenda. No primeiro caso a subvención pode acadar ata o 30 por cento do prezo de compra e no segundo caso ata o 50 por cento do orzamento protexible de construción da vivenda.



A Consellería de Vivenda e Solo ten entre as súas liñas de traballo a colaboración para a erradicación do chabolismo e da infravivenda, en actuacións solicitadas por instancia dos concellos. No ano 2007 a partida orzamentaria destinada á erradicación do chabolismo é de 700.000 euros.



A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO INVISTE 886.432 EUROS NA MELLORA E HUMANIZACIÓN DA PRAZA DO POLÍGONO DE VIVENDAS PROTEXIDAS DOS TORNEIROS EN PORRIÑO

- *Esta actuación materialízase na sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello autorizado hoxe polo Consello da Xunta*
- *As obras consistirán na mellora da accesibilidade da praza e dotándoa dunha configuración urbana que permita o seu uso como lugar de interrelación social*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración co concello do Porriño polo que o Goberno autonómico, a través da Consellería de Vivenda e Solo, inviste 886.432 euros na mellora e humanización da Praza do Polígono de vivendas protexidas de Torneiros.

O investimento destinado a esta actuación executarase en dúas anualidades, 600.000 euros con cargo á anualidade 2008, e os 286.432 euros restantes con cargo ao exercicio 2009.

As obras consistirán na reestruturación do espazo público existente no polígono de 90 vivendas protexidas, composto pola cuberta do edificio de aparcamentos soterrados e os espazos de circulación peonil do entorno. O obxectivo é mellorar a accesibilidade da praza e dotala dunha configuración urbana e dunha condicións de salubridade que permitan utilizala como espazo para a interrelación social.

Esta actuación enmárcase dentro da liña de traballo da Consellería de Vivenda e Solo destinada a mellorar e manter nun estado óptimo o parque público de vivendas protexidas do país e o entorno destas vivendas, poñendo en valor os espazos públicos existentes.



MEDIO RURAL XESTIONARÁ 1.500 MILLÓNS DE EUROS DE FONDOS EUROPEOS A TRAVÉS DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL APROBADO EN BRUXELAS

O Consello da Xunta de Galicia coñeceu hoxe o informe presentado pola Consellería do Medio Rural no que se dá conta das xestións realizadas en Bruxelas e que permitirá xestionar 1.500 millóns de euros de fondos públicos consignados ao Programa de Desenvolvemento Rural para Galicia 2007-2013.

O Comité de Desenvolvemento Rural da UE vén de aprobar o Programa de Desenvolvemento Rural para Galicia 2007-2013, que conta cuns fondos públicos de 1.500 millóns de euros e está previsto que mobilice un investimento total próximo aos 2.300 millóns de euros. Deste xeito, o PDR galego é un dos primeiros que se aproba polas autoridades comunitarias dentro do ámbito do Estado español, só por tras do de Navarra.

Estes fondos do PDR permitirán destinar recursos a transformar o abandono de terras de cultivo e de terreos forestais en rendas dignas, a impulsar a xeración de novas actividades no medio rural e a dotar a actividade agrogandeira dunha perspectiva de futuro que garanta un verdadeiro relevo xeracional que permita acadar un medio rural sólido e viábel de cara o horizonte do 2013, para posibilitar que Galicia afronte con garantías de éxito os cambios no contexto europeo e mundial que poidan producirse despois desa data.



O GOBERNO GALEGO VALORA OS RESULTADOS ACADADOS NO CONSELLO DE MINISTROS DE PESCA DA UE DADO QUE SATISFÁN AS EXPECTATIVAS E OS OBXECTIVOS MARCADOS RESPECTO DAS COTAS DE PESCA PARA 2008

▪ *O acordo da cumprimento ás expectativas galegas presentadas pola conselleira de Pesca ao Ministerio na reunión previa ao cumio europeo de mandatarios de Pesca*

O Goberno galego valorou hoxe como satisfactorios os resultados acadados no Consello de Ministros da Unión Europea onde se discutiron e acordaron os Topes Admisibles de Captura (TAC´s) e Cotas de pesca para o ano 2008. Segundo o informe presentado pola conselleira de Pesca, os acordos conseguidos para o ano vindeiro satisfan, en xeral, as expectativas e os obxectivos marcados polo Goberno galego, que xa lle foran trasladados ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), nunha reunión previa e preparatoria para o Consello de Ministros da UE coas comunidades autónomas.

Co acordo acadado esta semana, elimináronse as reducións que pretendía a Comisión Europea para algunhas especies, polo que se manteñen as posibilidades de pesca de 2007. Noutros casos, como o da pescada do sur o incremento é destacable (15%) e, no que respecta á redución de días de actividade, unha cuestión importante para os gobernos galego e central e para o conxunto do sector pesqueiro, chegouse a unha solución de compromiso que vai poder garantir que a frota poida traballar os mesmos días que este ano.

Para o Goberno galego destacan os incrementos rexistrados noutras especies de grande interese comercial para a frota pesqueira galega, como a merluza do norte nun 2,5%, ou o mantemento doutras cuotas como a do rape e o galo.

Por último, a Xunta destaca o importante traballo realizado pola delegación española presente no Consello de Ministros de Pesca, encabezada pola Ministra de Pesca, Elena Espinosa, e o Secretario General de Pesca Marítima, Juan Carlos Martín Fragueiro.

Reunión preparatoria

A conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos trasladoulle a pasada semana ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) a proposta galega, nunha xuntanza coas comunidades autónomas previa e preparatoria para o Consello de Ministros de Pesca da UE. As peticións galegas ían encamiñadas á negociación para o mantemento das posibilidades de pesca de 2007 para especies importantes para o sector galego como o rape, o galo ou a cigala.



Así mesmo, facíase eco da necesidade de incrementar o Total Admisible de Capturas (TAC´s) naquelas especies cuxos informes científicos son favorables, como é o caso da pescada do norte ou a do sur, tamén de interese para os pescadores galegos.

Na proposta galega insistíase, ademais, na necesidade de que a Comisión Europea derrogase a prohibición de empregar nasas de polbo e fanequeiras no sur de Galicia, dada a crenza errónea por parte da UE de que con estes aparellos se captura cigala, unha especie suxeita a un plan de recuperación xunto coa pescada do sur. Esta petición foi atendida e admitida polos embaixadores dos estados membros e refrendada polos ministros de Pesca presentes no Consello de Ministros de Pesca, polo que esta arte tradicional poderá ser empregada de novo para a captura do polbo e da faneca en augas galegas do sur.

NOVOS MEMBROS DO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

- *Carlos Martínez- Buján Pérez e Francisco Javier D'Amorín Vieitez substituirían a José María Gómez e Díaz Castroverde e José Luis de la Torre, que teñen presentado a súa renuncia*

O presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, oído o Consello da Xunta cumpriu esta mañá o trámite establecido na Lei 9/95 de 10 de novembro modificada pola Lei 12/2007 de 27 de xullo en relación ao cesamento e nomeamento de novos membros do Consello Consultivo de Galicia.

Na actualidade está vacante unha praza por renuncia a petición propia no mes de outubro de D. José María Gómez e Díaz Castroverde; e ten presentada a renuncia D. José Luis de la Torre. O presidente procedeu a informar que os seus substitutos serán Carlos Martínez- Buján Pérez e Francisco Javier D'Amorín Vieitez.

A composición do Consello Consultivo e a súa renovación está regulado na Lei 9/95 de 10 de novembro modificada pola Lei 12/2007 de 27 de xullo que estableceu a posibilidade de que os ex presidentes da Xunta se incorporasen como conselleiros natos. Segundo estas normas, o presidente da Xunta ten a facultade de nomear aos conselleiros entre xuristas de recoñecido prestixio, oído o Consello da Xunta.

Carlos Martínez- Buján Pérez

Nado en Monforte de Lemos, o 15 de xullo de 1955, Carlos Martínez- Buján Pérez é catedrático de Dereito penal no Departamento de Dereito Público da Facultade de Dereito da Universidade de A Coruña.

Martínez- Buján foi secretario do Instituto Universitario de Criminoloxía da Universidade de Santiago, director da Escola de Práctica Xurídica da Universidade de Santiago e director do Departamento de Dereito Público da Facultade de Dereito da Universidade de A Coruña. É autor de trece libros sobre temas xurídicos especializados e ten publicado máis de sesenta artigos sobre temas de Dereito penal en libros colectivos e revistas xurídicas. É autor, así mesmo, de diversas recensións, prólogos e artigos de prensa (nos diarios La Voz de Galicia e no País).

Foi investigador principal de cinco proxectos de investigación sobre temas de Dereito, subvencionados polos Ministerios de Educación e Ciencia e pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia, así como investigador responsable dun Programa de Acción integrada de Investigación científica e técnica entre España e Italia (Universidade da A Coruña-Universidade de Milán), financiado pola DGYCT do



Ministerio de Educación. Dirixiu seis teses doutorais, cualificadas con Sobresaliente *cum laude*. Na actualidade dirixe outras dúas en fase de elaboración.

É, ademais, avaliador científico de proxectos de I+D (área de Ciencias xurídicas), designado pola Agencia nacional de avaliación y prospectiva da Secretaría de Estado de política científica y tecnológica (Ministerio de Ciencia e Tecnología), membro de diversos Comités científicos de Editoriais e Revistas Xurídicas, vogal do Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública e membro do Consello Reitor do Instituto Universitario de Estudios Europeos Salvador de Madariaga da Universidade da Coruña.

Francisco Javier D'Amorín Vieitez

Francisco Javier D'Amorín Vieitez naceu en Salvaterra de Miño (Pontevedra) o 3 de xullo de 1948. Licenciouse en Dereito pola Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela (1966-1971). Ingresou na Carreira Xudicial no ano 1975, servindo no xulgado comarcal de A Guarda, xulgados de 1ª Instancia e Instrución de Villanueva de la Serena (Badajoz), Corcubión, Pontearreas, nº 3 de Ferrol, nº 1 de Santiago de Compostela e Audiencia Provincial de San Sebastián. Dende o mes de decembro do ano 1999 ata a actualidade serve destino, como maxistrado, na Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, formando parte da súa Sala de Goberno durante dous mandatos.

D'Amorín Vieitez desempeñou o cargo de Director Xeral de Xustiza e Administración Territorial na Consellería da Presidencia e Administración Pública (1988-90). Foi profesor asociado de Dereito Procesual da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela e profesor colaborador da Escola de Práctica Xurídica do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela.

Ten participado na elaboración de ponencias e impartido cursos de formación de xuíces e funcionarios da Administración Autonómica e Local, organizados polo Consello Xeral do Poder Xudicial e a Escola Galega de Administración Pública, en diversas materias.